

RÍO GRANDE DE XUVIA


(Adela Leiro, Mon Daporta)



NACEMENTO E FONTES	Taornelos, nos Montes da Serra(As Somozas), a 460 m de altitude.
LONXITUDE	31 km
PERCORRIDO	Localidades: San Sadurniño e Xuvia
DESEMBOCADURA	(Ría de Ferrol)
CONCA	Superficie: 182,3 km ²
SERRAS MÁIS IMPORTANTES	CONCELLOS: As Somoza, Moeche, San Sadurniño, Neda e Narón. NORTE: Rapadoiro, Pena da Cabra, Cadaval SUR: Forgoselo, Louseira, Ancos LESTE: Montes da Serra
AFLUENTES DEREITA	Pequeno, Ferrerías, Aceiteiro, Fontenova, Vello.
AFLUENTES ESQUERDA	Pequeno, Castro Río Castro é o afluente máis longo do río Grande de Xuvia e recolle as augas da serra do Forgoselo.
FENÓMENOS XEOLÓXICOS DESTACADOS	Ten un curso sinuoso e encaixado en case todo o seu percorrido, con máis pendente no curso alto.
CLIMA	Atlántico
TIPO DE RÉXIME	Pluvial, con augas altas do outono á primavera
CAUDAL	5,5 m ³ /s
FLORA	As beiras dos ríos están ocupadas por bosque de ribeira no que hai amieiras, salgueiros, loureiros, acivros, carballos, fentos, brións, cancaros ... Nas brañas das cabeceiras hai esfagnos, hipéricos das brañas, xuncos...
FAUNA	No río podemos atopar londras, troitas, anguías, ras, salamántigas, saramagantas, pintafontes e unha rica fauna de invertebrados. Nas beiras hai garzas, picapeixes, biluricos, merlo rieiro, lavandeiras...
APROVEITAMENTO	Subministro de auga ás poboacións, agricultura e industrias; pesca; lecer; produción de enerxía eléctrica... ENCOROS: minicentraís de Neda (río Grande) e Naraíso (río Castro).
ESPAZOS PROTEXIDOS	Parte do curso do Xuvia e todo o do seu afluente Castro forman parte do LIC "Xuvia-Castro-Forgoselo"
DATOS HISTÓRICOS	A Presa do Rei foi construída entre os anos 1791 e 1795 para submistrar enerxía Real Fábrica, que nos primeiros tempos foi de caldeirería de cobre, no 1909 de armas, logo de moeda e máis tarde fábrica de fiados e tecidos. Polas beiras do río consérvase un rico patrimonio: muíños, pontes, castelos (Moeche e Naraíso), presas...
CURIOSIDADES	Na desembocadura do Xuvia atópase unha magnolia rexistrada no catálogo de Árbores Senlleiras.
PROBLEMAS	Contaminación, construcións que alteran a canle do río, especies invasoras...

RÍO GRANDE DE XUVIA

NACEMENTO: Monte dos Taforneiros (As Somozas)



DESEMBOCADURA: Ría de Ferrol (Océano Atlántico)